CONCELLO DE MONTERREI

Rúa Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Tel: 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

| SEC 2017-66 | |
|---|---|
| CONTRATACION DO BAR E DA PISCINA MUNICIPAL DE ALBARELLOS | |

**Monterrei, 3 de Maio de 2017**

# ANUNCIO DE LICITACIÓN

1. Entidade adxudicadora: Concello de Monterrei
a) Dependencia: Secretaría-Intervención
b) Número de expediente: 2017/66
2. Obxecto do contrato: explotación da piscina municipal de Albarellos e do seu bar (Concello de Monterrei)
Duración: 4 anos. Prorrogables.
3.- Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto.
4. Canon mínimo anual: 100 €, susceptible de mellora á alza.
5. Garantía provisional: non se esixe.
6. Obtención de documentación: web municipal (perfil do contratante): www.monterrei.es
Información:
a) Teléfono: 988418002
b) Fax: 988425700
c) Enderezo: rúa Fontiñas, núm. 2. 32618 Albarellos-Monterrei (Ourense)
7. Clasificación: non se esixe
8. Presentación de proposicións:
a) Prazo: quince días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia. No caso de resultar sábado o día de finalización do prazo, quedará este automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte.
b) Documentación que hai que presentar: véxase o prego de cláusulas administrativas particulares.
c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Monterrei.
9. Apertura de proposicións técnicas e económicas:
a) Lugar: Concello de Monterrei. Rúa Fontiñas, núm. 2. Albarellos-Monterrei (Ourense)
b) Data e hora: publicarase no perfil do contratante.
10. Outras informacións: véxanse o prego regulador da contratación.
11. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

O alcalde

José Luis Suárez Martínez

CONCELLO DE MONTERREI (OURENSE) SECRETARÍA

| SEC 2017-56 | |
|---|---|
| CONTRATACION DO BAR E DA PISCINA MUNICIPAL DE ALBARELLOS | |

Monterrei, 27 de Abril de 2017

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS DO CONTRATO DA EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE ALBARELLOS E DO BAR-CAFETARÍA DA INSTALACIÓN (CONCELLO DE MONTERREI)**

## I. Obxecto do contrato

O obxecto desta licitación é a xestión do servizo público da piscina municipal de Albarellos e do seu bar, que incluirá, con suxeición ao disposto na ordenanza fiscal reguladora da prestación do servizo da piscina municipal, que se une a este prego, as seguintes prestacións a cargo do adxudicatario:

- O mantemento e conservación das instalacións.
- A atención e control dos usuarios.
- A prestación do servizo de socorrismo.
- O cobramento aos usuarios das taxas aprobadas polo Concello.
- A prestación do servizo de bar-cafetaría no recinto da piscina municipal.

A explotación do servizo realizarase mediante a modalidade de concesión pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de xestión de servizos públicos tal e como establece o artigo 8 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (en diante TRLCSP).

Todo isto encaixa no ámbito das competencias descritas no artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que os concellos deben exercer competencias en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Por outra banda, o Concello de Monterrei non dispón de recursos materiais nin humanos para desenvolver e levar a cabo o obxecto deste contrato, xa que o tipo de actividade que é preciso que se leve a efecto non pode ser xestionada na actualidade mediante empregados públicos, nin por outro lado a actividade de bar ten as caracteristicas esenciais dun servizo público no sentido legal estrito.

## II. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación

A xestión deste contrato mixto realizarase mediante o procedemento aberto, artigos 157 e seguintes do texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).

### III. Natureza xurídica

Trátase dun contrato administrativo especial, mixto, xa que, por unha banda, temos a xestión dunha instalación deportiva e, por outra, a explotación do servizo de bar-cafetaría da piscina municipal, tendo maior entidade económica a explotación do bar (artigo 8, 12 e 19.1.b) do TRLCSP).

### IV. Prazo da concesión

O prazo de concesión será de catro (4) anos. Porén, poderase prever no mesmo contrato a súa prórroga polo mútuo acordo das partes antes da súa finalización, sempre que a duración do contrato, incluídas prórrogas, non exceda dos seis (6) anos.

### V. Entrega de terreos e instalacións

O Concello porá a disposición do concesionario, o mesmo día da sinatura do contrato, os terreos e instalacións onde se sitúa a piscina municipal da localidade de Albarellos, libre de cargas e gravames.

### VI. Tarifas

As tarifas que o concesionario deberá percibir do público serán as que prevé a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal, que se xunta a este prego.

### VII. Tipo de licitación

O tipo mínimo do canon anual que se satisfará por parte do concesionario fíxase na cantidade de 100,00 €, susceptibles de mellora á alza.

O canon que satisfará anualmente o concesionario ao Concello será o que determine o licitador na súa oferta, que se ingresará na tesoureria municipal entre os días 1 e 20 do mes de xullo do exercicio en vigor.

### VIII. Relacións cos usuarios

O concesionario e os usuarios do servizo, en canto se refire á utilización das instalacións obxecto da concesión, axustarán as súas relacións ás prescricións que contén a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal, que se xunta a este prego.

### IX. Garantías

Non se exixen.

**X. Condicións dos licitadores**

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

A solvencia do empresario:

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, de ser o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas nos rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondentes ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio

http://www.locglyer.com

das actividades do empresario, na medida na que se dispoña das referencias do dito volume de negocios.

Nos contratos de servizos, a solvencia técnica dos empresarios acreditarase por un ou varios dos seguintes medios:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado destes. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector publico ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; de ser o caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, no nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado no que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación do que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, ás que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

**XI. Documentación que deberán presentar os licitadores e prazo de presentación**

As ofertas presentaranse no Concello de Monterrei, rúa Fontiñas, 2, Albarellos (Monterrei), en horario de atención ao público, de 9.00 a 14.00 h, no prazo de quince (15) días naturais a contar dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia, no perfil do contratante e no Diario Oficial de Galicia.

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

As ofertas poderán presentarse por correo, telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, tal e como establece a disposición adicional decimoquinta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telex, fax ou telegrama na mesma data, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

En todo caso, trascorridos os dez días seguintes a esa data sen que se teña recibida a documentación, esta non será admitida.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, xa sexa individual ou en unión temporal con outros. A presentación de proposicións supón a aceptación incondicional das cláusulas deste prego, sen salvidade ningunha.

Os interesados poderán consultar e obter fotocopias deste prego, así como solicitar cantas aclaracións consideren pertinentes, dende a publicación da convocatoria da licitación ata o día no que finalice o prazo de presentación de proposicións, solicitándoo no Concello, en días e horas de oficina ou obténdoo no perfil do contratante.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificación, nos que se fará constar a denominación do sobre ou lenda "Proposición para licitar a contratación da xestión do servizo público na modalidade de concesión da piscina municipal de Monterrei e o seu bar".

A denominación dos sobres é a seguinte:

Sobre A: documentación administrativa

Sobre B: proposición económica e documentación técnica.

Os documentos que se incluirán en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, de conformidade coa lexislación en vigor.

Sobre A

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

http://www.locallex.com

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

Deberá presentarse copia autenticada dos documentos seguintes:

- Se o licitador fose unha persoa física: fotocopia do DNI

- Se o licitador fose unha persoa xurídica: escritura de constitución ou modificación, de ser caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme coa lexislación merantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que constarán as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, de ser o caso, no correspondente rexistro oficial.

b) Documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen proposicións no nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastanteado polo Secretario da Corporación.

- Se o licitador fose unha persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

- Igualmente a persoa con poder bastanteado para os efectos de representación, deberá achegar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, conforme ao modelo do anexo II.

Esta declaración incluirá a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario ao que se vaia efectuar esta.

d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Se a empresa se atopase pendiente de clasificación, deberá achegarse o documento acreditativo de ter presentado a solicitude correspondente para iso, e deberá xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

e) De ser o caso, un enderezo de correo electrónico no que efectuar as notificacións.

http://www.[illegible].com

f) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

Sobre B

PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

a) Proposición económica

Presentarase conforme ao modelo que se recolle no anexo I.

b) Oferta técnica.

Que conterá toda a documentación necesaria para a cualificación e valoración da oferta formulada polo licitador, na que explicará a forma de xestión da piscina e da cafetaría, calendario e horario de apertura das instalacións, plan de mantemento e conservación.

Os sobres presentaranse pechados no Rexistro Xeral do Concello de Monterrei e poderán estar lacrados ou precintados.

A presentación das proposicións determina a aceptación incondicionada polos empresarios do contido da totalidade das cláusulas deste prego, cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, sen ningunha excepción.

**XII. Mesa de contratación**

A mesa de contratación estará integrada ou constituída do seguinte xeito:

- Presidente: o alcalde ou membro da corporación en quen delegue.
- Vogais: o técnico local de emprego, a técnica municipal e o orientador laboral.
- Secretario-vogal: o secretario-interventor do Concello.

**XIII. Presentación de documentación**

As ofertas presentaranse no Concello de Monterrei, rúa Fontiñas, 2, Albarellos (Monterrei), en horario de atención ao público, de 9.00 a 14.00 h, no prazo de quince (15) días naturais a contar dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia, no perfil do contratante e no Diario Oficial de Galicia

**XIV. Cualificación da documentación xeral e apertura de proposicións.**

O acto licitatorio desenvolverase, de conformidade co disposto nos artigos 81 a 84 do RXLCAP, nos termos seguintes:

O terceiro día seguinte hábil, a aquel en que finalice o prazo de presentación de proposicións, ou presentadas todas as ofertas dos licitadores invitados a participar, constituirase a mesa de

Rúa Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

contratación, ás 11.00 h, para a cualificación dos documentos presentados en tempo e forma no sobre A, e formalizarase a acta correspondente. Se non existisen deficiencias que emendar, a apertura do sobre número B efectuarase no mesmo día, ás 12.00 horas, no salón de plenos do Concello, onde se valorará o maior canon ofertado a favor do Concello e a memoria, do que se redactará a correspondente acta e a proposta que se estime pertinente ao órgano de contratación.
Noutro caso, a Mesa de Contratación, se observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarállelo verbalmente aos interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias deberán facerse públicas a través de anuncios do órgano de contratación, e concederase un prazo non superior a tres días hábiles para a corrección ou rectificación dos defectos ou omisións ante a Mesa de Contratación, procedéndose á apertura en acto público do sobre B, o quinto día hábil posterior ao do vencemento do prazo de presentación de proposicións, ás 12.00 horas, no salón de plenos do Concello

## XV. Aspectos obxecto de valoración

Os aspectos que se valorarán e que servirán de base para a adxudicación do concurso serán os seguintes:

1º Maior canon ofertado a favor do concello: ata 20 puntos.

2º Memoria da xestión da piscina e da cafetaría, calendario e horario de apertura de instalacións, plan de mantemento e conservación: ata 15 puntos.

## XVI. Proposta de adxudicación e adxudicación do contrato

A mesa de contratación, previa solicitude e análise, no seu caso, dos informes técnicos ou xurídicos que estime pertinentes relacionados co obxecto do contrato, presentará as proposicións coa acta correspondente e a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación para a adxudicación do contrato.
Vista a proposta da mesa, o órgano de contratación clasificará as ofertas presentadas e admisibles por orden decrecente de cualificación, en atención aos criterios de adxudicación e requerirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello, para que dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da recepción do dito requirimento achegue os xustificantes de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de constitución da garantía definitiva esixible. De non cumprimentarse o dito requirimento en tempo e forma, entenderase que a oferta foi retirada, e solicitarse a documentación indicada ao seguinte licitador de conformidade coa orde de clasificación das ofertas. Cumprido o requirimento e no prazo máximo de cinco días hábiles, o órgano de contratación ditará resolución motivada adxudicando o contrato, sen que poida declararse deserto o expediente cando exista algunha oferta admisible (artigo 151.3 do TRLCSP).
Non obstante o anterior, e antes da adxudicación, o órgano de contratación poderá, mediante resolución motivada, renunciar á sinatura do contrato ou desistir do procedemento, nos termos regulados no artigo 155 do TRLCSP.
A adxudicación será notificada aos licitadores e publicada no perfil do contratante (www.monterrei.es)

## XVII. Formalización do contrato

http://www.localtex.com

CONCELLO DE MONTERREI
Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

A formalización do contrato, en documento administrativo e, de ser o caso, en escritura pública, materializarase dentro do prazo de 15 dias hábiles contados desde o seguinte ao da recepción da notificación polos licitadores do acordo de adxudicación. De conformidade co disposto no artigo 154 do TRLCSP, a formalización publicarase, en todo caso, no perfil do contratante e se a contia do contrato fose igual ou superior a 100.000,00 euros, publicarase ademais no BOP de Ourense.

## XVIII. Interpretación, modificación e resolución dos contratos

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro ostenta as seguintes prerrogativas.

a) Interpretación do contrato.

b) Resolución das dúbidas que ofreza o seu cumprimento.

c) Modificación do contrato por razón de interese público.

d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso daráselle audiencia ao contratista, debendo seguirse os trámites previstos no art 211 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

## XIX. Revisión de prezos

Non cabe revisión de prezos.

## XX- GARANTÍA DEFINITIVA.

O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluido o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantia poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economia e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban causar efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

http://www.localizx.com

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produzca o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

**XXI. Situación do Concello e do concesionario durante o prazo de vixencia da concesión**

a) Situación do Concello:

O Concello é titular do servizo.

b) Situación do concesionario:

O concesionario, durante o prazo de vixencia do contrato, desenvolve a actividade na que consiste o servizo, ao serlle transferida unha esfera de actuación orixinariamente administrativa, polo que aparece revestido de facultades para a xestión do servizo, que se lle outorga, salvando os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros, pero con dereito á protección administrativa para prestar o servizo e exercer os poderes de policía delegados polo Concello.

O contratista realizará todas as actuacións, obras e reparacións que para a adecuada prestación do servizo lle requira o Concello.

O contrato executarase a risco e ventura do adxudicatario, que asumirá os riscos economicos derivados da execución e da explotación do obxecto do contrato segundo os datos que conformen a súa oferta, nos termos establecidos neste prego e no prego de prescricións técnicas. Por todo isto, o concesionario non terá dereito a indemnización por causa das perdas, avarías ou prexuízos ocasionados na prestación do servizo, agás caso de forza maior, ou pola modificación do obxecto da concesión imposta unilaterlamente polo Concello ou decisión deste producidas fóra do ámbito contractual propiamente dito, cuxa onerosidade sobrevida deba ser compensada polo Concello.

c) Obrigas do contratista

http://www.tecabex.com

Ademáis das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico deste contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

1. Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito a utilizalo nas condicións que fosen establecidas e mediante o aboamento, no seu caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas.

2. O adxudicatario comprométese a velar polo bo uso das instalacións municipais, e deberá entregalas ao Concello ao finalizar a tempada en perfecto estado de funcionamento, sendo da súa conta e risco os danos causados, mesmo polos usuarios.

   A fianza responderá dos danos, sen prexuízo da exacción que corresponda, a maiores, se esta non alcanza a reposición daqueles. As avarias que se produzan nas instalacións durante o prazo do contrato serán por conta do adxudicatario, fóra das que se produzan nas instalacións da auga, que serán de conta do Concello, sempre que non mediase dolo, culpa ou neglixencia do contratista na devandita avaría.

3. Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.

4. Percibir dos usuarios do servizo as tarifas aprobadas pola Administración concedente pola xestión e explotación do servizo, segundo a ordenanza vixente.

5. Obter a adecuada compensación económica para manter o equilibrio económico da concesión, no suposto de modificacións do servizo impostas pola Corporación que aumenten os custos ou diminúan a retribución; e nos casos en que por causas alleas ás partes contratantes se alterasen as bases económicas da concesión contempladas no momento do seu otorgamiento, salvo condicións metereolóxicas ou que entren dentro do ámbito do risco que debe asumir o concesionario.

6. O Concello non se fará responsable da falta de pagamento do adxudicatario aos seus proveedores, nin dos deterioros ou roubos que se poidan cometer no establecemento.

7. O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoaisoumateriais suficientes para iso, esta obrigación considerase esencial. Serán pola súa conta todos os gastos de persoal necesarios para a explotación do servizo de bar da piscina municipal, incluida a limpeza e os gastos de seguros e impostos que leven consigo a explotación, e estará obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laboráis.

8. O adxudicatario ha de soportar todos os gastos xerados polo bar da piscina durante o periodo de concesión.

Rúa Fortaleza, 2 · 32618 ALBARELLOS · MONTERREI · OURENSE
Telf. 988 418 002 · Fax 988 425 790 · e-mail: concello@monterrei.es

9. O adxudicatario será, así mesmo, responsable de todo tipo de accidentes que se produzan nas instalacións municipais mencionadas, e dos danos por roubo, violencia, etc. que poiden producirse, sendo do seu cargo o custo económico das pólizas que para cubrir estes riscos subscriba.

10. O adxudicatario comprométese a ter abertos os servicios de piscina desde as 12.00 horas hasta 21.00 horas, podendo ser modificado de común acordo por ambas as dúas partes.

Se desistise dos servizos antes de finalizar a tempada, perdería a fianza depositada, non cabendo ningún tipo de desconto no prezo de adxudicación.

11. Ter visible a lista de prezos.

12. O arrendatario subscribirá a favor do Concello unha póliza de seguro a todo risco das edificacións e das instalacións. Asemade, contratará un seguro de responsabilidade civil, que asuma todos os riscos derivados do uso das instalacións.
13. Aboar o prezo deste contrato mediante ingreso na conta restrinxida deste Concello da entidade bancaria que se lle indique. O incumprimento da obrigación de pagamento desteprezopoderá dar lugar á resolución do contrato no marco da Lei.

14. Manter en óptimas condicións de hixiene e salubridade o Bar, con estrito cumprimento ademáis do regulamento das piscinas.

15. O contratista farase cargo igualmente do pago do IVE, dos tributos estatáis, rexionais e locais que se deriven do contrato.

16. O adxudicatario farase cargo do mantemento do céspede do recinto e manter os exteriores limpos e segar se fose necesario. O cortacéspede será por conta do adxudicatario así coma toda a ferramenta necesaria, aínda que o Concello poderá prestar maquinaria sempre que estea libre.

17. O adxudicatario terá que realizar diariamente as análises dos vasos.

18. Cando o Concello programe algunha actividade con menores, estará exento do pagamento das entradas á piscina.

19. O cloro correrá a cargo do adxudicatario.

d) Dereitos do contratista

A retribución do concesionario no desenvolvemento do obxecto desta licitación, estará formada polas tarifas que aboarán os usuarios.

As tarifas que o concesionario percibirá dos usuarios polo servizo son os prezo públicos aprobados mediante acordo do Pleno do 5 de outubro de 2016, no que se modifican as tarifas da Ordenanza reguladora pola prestación do servizo da piscina municipal.

http://www.tucalitas.com

Amais disto, o concesionario terá dereito a percibir o produto das vendas do bar.

**XXII. Extinción da concesión do servizo**

O contrato de concesión da xestión do servizo público da piscina municipal extínguese por cumprimento ou por resolución.

1.- O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este teña realizado, de acordo cos seus termos e a satisfacción do Concello, a totalidade do seu obxecto.

En todo caso, a súa constatación exixirá por parte do Concello un acto formal e positivo de recepción ou conformidade.

2.- Son causas de resolución do contrato de concesión do servizo público:

a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da persoa xurídica da sociedade contratista.

O Concello poderá acordar a continuación do contrato cos seus herdeiros ou sucesores.

b) A declaración de creba, de suspensión de pagamentos, de concursos de acredores ou de insolvente fallido en calquera procedemento ou o acordo de quita e espera.

c) O mutuo acordo entre o Concello e o contratista.

d) A falta de prestación polo contratista da garantía definitiva no prazo nos casos previstos na Lei e a non formalización do contrato en prazo.

e) O incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais.

f) A demora superior a seis meses por parte do Concello na entrega ao contratista da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.

g) O rescate do servizo polo Concello.

h) A supresión do servizo por razóns de interese público.

i) A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados polo Concello con posterioridade ó contrato.

**XXIII. Sancións por incumprimento do contrato**

As infraccións nas que pode incurrir o contratista, clasifícanse en:

- Infraccións leves.
- Infraccións graves.
- Infraccións moi graves.

Son infraccións leves:

- Non cumprir co horario de apertura,

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

- Non ser correcto cos usuarios do servizo.
- Incumprir os requirimentos do Concello.

Son infraccións graves:

- Non cumprir as condicións de limpeza e mantemento do recinto.
- Non cumprir o ordenado polo Concello en reparacións e obras.
- A reiteración de faltas leves.

Son infraccións moi graves:

- Incumprimento das condicións hixiénico-sanitarias da piscina e demais instalacións.
- A reiteración de faltas graves.

As infraccións leves sancionaranse con 50,00 € a 100,00 €, as graves con 100,01 € a 500,00 € e as moi graves con 500,01 € a 3.000,00 €.

As infraccións leves serán sancionadas pola Alcaldía directamente oído o concesionario; as demais infraccións precisan previo expediente de acordo coas normas do procedemento administrativo común.

Cando a infracción cometida trascenda o ilícito administrativo, e revista os caracteres de delito, o alcalde porá os feitos en coñecemento dos Tribunais de Xustiza.

**XXIV. Gastos**

O adxudicatario quedará obrigado a pagar o importe dos anuncios oficiais e de cantos gastos se deriven dos trámites de preparación, adxudicación e formalización do contrato.

O alcalde

José Luis Suarez Martínez

Dilixencia: examinado o presente prego de condicións, estímase conforme a dereito.

O secretario,

# ANEXO I

Don/dona......................................................................, co DNI núm..........................., con domicilio para os efectos de notificación ................................................................................................................................., actuando en nome propio//en representación de......................................................................., co NIF..........................................., constituida mediante escritura de data......................................., outorgada perante o notario......................................................................., EXPÓN:

Que informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de xestión do servizo público da piscina municipal de Albarellos e do seu bar mediante a modalidade de concesión, fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e o acepto integramente , e comprométome a levar a cabo o obxecto do contrato polo canon de:

1. Proposición económica:

Canon anual de (en letra)
Canon anual de (en cifras)

Lugar a data

Sinatura do candidato

# ANEXO II

## MODELO DE DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓNS DE CONTRATAR, ARTIGO 60 TRLCSP (ESTA DECLARACIÓN INCLUIRASE NO SOBRE A "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA"

Don/dona.............................................................................................., co DNI núm................................, con domicilio para os efectos de notificación ..............................................................................................................................,

actuando en nome propio/en representación de.........................................................,co NIF..............................,e domicilio fiscal......................................................................................,declara baixo xuramento e a súa propia responsabilidade:

1. Que non se atopa comprendido en ningún dos supostos de prohibición para contratar coa Administración, sinalados no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

2. Que consecuentemente está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (incluídas as da Axencia Tributaria de Galicia ) e de Seguridade Social (e, de ser o caso, estar dado de alta no epígrafe...........do IAE, e ao corrente no seu pagamento).

3. Que a empresa ten, como se acredita, solvencia técnica e financeira suficiente para a execución deste contrato.

Todo isto declárase para os efectos sinalados no artigo 73 do TRLCSP e para achegar a documentación xeral que se presenta para a contratación da xestión do servizo público da piscina municipal de Monterrei e o seu bar.

Data e sinatura

* Este anexo facilítase coa finalidade de simplificar a tarefa dos licitadores, polo que non é necesario axustarse a este modelo.

No caso de persoa xurídica, deberá indicarse que non está incurso en ditas prohibicións ningún dos representantes ou administradores da empresa.

*Disposición adicional cuarta. Protección de datos*

*La prestación de los servicios y las relaciones jurídicas a través de redes de telecomunicación se desarrollarán de conformidad con lo establecido en la Ley Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Personal, y las disposiciones específicas que regulan el tratamiento automatizado de la información, la propiedad intelectual y los servicios de la sociedad de la información.*

*Disposición adicional quinta. Ventanilla única de la Directiva de Servicios*

*El Ayuntamiento garantizará, dentro del ámbito de sus competencias, que los prestadores de servicios puedan obtener la información y formularios necesarios para el acceso a una actividad y su ejercicio a través de la Ventanilla Única de la Directiva de Servicios (www.eugo.es), así como conocer las resoluciones y resto de comunicaciones de las autoridades competentes en relación con sus solicitudes. Con ese objeto, el Ayuntamiento impulsará la coordinación para la normalización de los formularios necesarios para el acceso a una actividad y su ejercicio.*

*Disposición adicional sexta. Habilitación de desarrollo*

*Se habilita a la Alcaldía para que adopte las medidas organizativas necesarias que permitan el desarrollo de las previsiones de la presente ordenanza y pueda modificar los aspectos técnicos que sean convenientes por motivos de normalización, interoperabilidad o, en general, adaptación al desarrollo tecnológico.*

*Disposición adicional séptima. Aplicación de las previsiones contenidas en esta Ordenanza*

*Las previsiones contenidas en esta ordenanza serán de aplicación teniendo en cuenta el estado de desarrollo de las herramientas tecnológicas del ayuntamiento, que procurará adecuar sus aplicaciones a las soluciones disponibles en cada momento, sin perjuicio de los periodos de adaptación que sean necesarios. Cuando estas estén disponibles, se publicará tal circunstancia en la sede electrónica.*

*Disposición final. Entrada en vigor*

*La presente ordenanza, cuya redacción definitiva ha sido aprobada por el Pleno del ayuntamiento en sesión celebrada en fecha 5 de octubre de 2016, se publicará en el Boletín Oficial de la Provincia, y no entrará en vigor hasta que se haya publicado completamente su texto y haya transcurrido el plazo previsto en el artículo 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.*

*R. 3.758*

## Monterrei

Edicto

Ao non presentaren reclamacións contra o acordo do Pleno con data 5 de outubro de 2016, relativo á aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora pola prestación do servizo de piscina municipal, o acordo queda aprobado definitivamente e o texto íntegro da modificación da ordenanza é o que figura como anexo deste edicto.

Contra á súa aprobación definitiva cabe interpor un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Monterrei, 23 de novembro de 2016. O alcalde.

Asdo.: José Luís Suárez Martínez.

Anexo

Modificación da Ordenanza reguladora do servizo de piscina municipal.

Modifícase o punto 1 do artigo 6 "Cotas e tarifas", que queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 6. Cotas e tarifas.

1. A contía da taxa pola utilización do servizo da piscina municipal establecerase en función das tarifas seguintes:

A) Abonados: Importe.

1. Adulto mensual: 18,00 €
2. Familiar mensual: 20,00 €
3. Infantil mensual: 10,00 €
4. Adulto tempada: 25,00 €
5. Infantil tempada: 15,00 €
6. Familiar tempada: 35,00 €

B) Entrada libre; Importe:

1. Adulto: 1,40 €
2. Infantil: 0,80 €

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no BOP, e aplicarase con efectos do 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa

*Edicto*

*Al no presentarse reclamaciones contra el acuerdo provisional del Pleno de fecha 5 de octubre de 2016, relativo a la aprobación inicial de la modificación de la Ordenanza Reguladora del Servicio de Piscina Municipal, el acuerdo queda aprobado definitivamente, siendo el texto íntegro de la modificación de la ordenanza el que figura como anexo de este edicto.*

*Contra la aprobación definitiva cabe interponer un recurso contencioso-administrativo ante la Sala de lo Contencioso del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, con sede en A Coruña, en el plazo de dos meses a partir del día siguiente al de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.*

*Monterrei, 23 de noviembre de 2016. El alcalde.*

*Fdo.: José Luis Suárez Martínez.*

*Anexo*

*Modificación de la Ordenanza Reguladora del Servicio de Piscina Municipal*

*Se modifica el punto 1 del artículo 6 "Cuotas y tarifas", que queda redactado de la siguiente forma:*

*Artículo 6. Cuotas y tarifas.*

*1. La cuantía de la tasa por la utilización del servicio de piscina municipal se establecerá en función de las tarifas siguientes:*

*A) Abonados; importe.*

*1. Adulto mensual: 18,00 €*
*2. Familiar mensual: 20,00 €*
*3. Infantil mensual: 10,00 €*
*4. Adulto temporada: 25,00 €*
*5. Infantil temporada: 15,00 €*
*6. Familiar temporada. 35,00 €*

*B) Entrada libre; Importe:*

*1. Adulto: 1,40 €*
*2. Infantil: 0,80 €*

*Esta modificación entrará en vigor al día siguiente de su publicación íntegra en el BOP y se aplicará con efectos del 1 de enero de 2017, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.*

*R. 3.760*

Orzamento de gastos
Capítulo; descrición; consignación inicial; consignación definitiva.

1.3; Persoal laboral; 15.600,02 euros; 16.139,33 euros.
1.4; Outro persoal; 22.484,48 euros; 28.047,30 euros.
1.6; S. Social; 31.269,97 euros; 33.269,97 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de 15 días, contados desde o día seguinte ó da inserción deste anuncio no BOP, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o dito prazo non se presentaran alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Larouco, 6 de decembro de 2004. O alcalde.

*Anuncio*

*El Pleno de este Ayuntamiento, en sesión extraordinaria celebrada el día 3/12/2004, acordó la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos n.º 1/2004, financiados con cargo al remanente líquido de la tesorería, con el siguiente resumen por capítulos:*

*Presupuesto de gastos.*
*Capítulo; descripción; consignación inicial; consignación definitiva.*

*1.3; Personal laboral; 15.600,02 euros; 16.139,33 euros.*
*1.4; Otro personal; 22.484,48 euros; 28.047,30 euros.*
*1.6; S. Social; 31.269,97 euros; 33.269,97 euros.*

*En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 169.1, por remisión del 177.2 del Real decreto 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, se somete el expediente a exposición pública por el plazo de 15 días, contados desde el día siguiente al de la inserción de este anuncio en el BOP, para que los interesados puedan examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.*

*Si transcurrido dicho plazo no se hubiesen presentado alegaciones, se considerará aprobado definitivamente dicho acuerdo.*

*Larouco, 6 de diciembre de 2004. El alcalde.*

*R. 5.274*

## Monterrei

Edicto

O Pleno do Concello de Monterrei, na sesión ordinaria do 1 de decembro de 2004 acordou, a agrupación do Concello de Monterrei e do Concello de Cualedro para o sostemento da praza de Secretaría-Intervención en común. Sométese o expediente a información pública por un prazo dun mes, ó abeiro do artigo 167.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, para os efectos legais e procedementais correspondentes.

Monterrei, 2 de decembro de 2004. O alcalde.

*Edicto*

*El Pleno del Ayuntamiento de Monterrei, en la sesión ordinaria de 1 de diciembre de 2004 acordó, la agrupación del Ayuntamiento de Monterrei y del Ayuntamiento de Cualedro, para el sostenimiento de la plaza de Secretaría-Intervención en común. Se somete el expediente a información pública por el plazo de un mes, al amparo del artículo 167.b) de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de administración local de Galicia, a los efectos legales y procedimentales correspondientes.*

*Monterrei, 2 de diciembre de 2004. El alcalde.*

*R. 5.235*

## Monterrei

Edicto

O Pleno deste Concello, na sesión que tivo lugar o día 1 de decembro de 2004, acordou aprobar inicialmente o orzamento xeral municipal de 2005, así como as bases de execución, o cadro de persoal, a relación de postos de traballo e demais documentación complementaria.

Cumprindo co disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, exponse ó público o orzamento aprobado na intervención deste concello, polo prazo dos seguintes 15 días hábiles ó da publicación deste edicto no BOP, co fin de que os interesados a que se refire o artigo 170 do devandito RDL 2/2004 poidan formula-las reclamacións que consideren oportunas, só e exclusivamente polos motivos que establece o devandito artigo no apartado 2º.

Faise constar que o orzamento xeral municipal para o 2005 aprobado inicialmente, se durante o prazo da súa exposición pública, non se producen alegacións ou reclamacións contra del, transcorrido o dito prazo, considerase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar outro acordo que o declare, procedéndose de seguido a levar a cabo a publicación do seu resumo por capítulos.

Monterrei, 2 de decembro de 2004. O alcalde.

*Edicto*

*El Pleno deste Ayuntamiento, en la sesión celebrada el día 1 de diciembre de 2004, acordó aprobar inicialmente el presupuesto general municipal de 2005, así como las bases de ejecución, el cuadro de personal, la relación de puestos der trabajo y demás documentación complementaria.*

*Cumpliendo con lo dispuesto en el artículo 169.1 del RDL 2/2004, de 5 de marzo, por el que aprueba el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, se expone al público el presupuesto aprobado en la Intervención de este ayuntamiento por el plazo de los siguientes 15 días hábiles al de la publicación de este edicto en el BOP, a fin de que los interesados a que se refiere el artículo 170 de dicho RDL 2/2004, puedan formular las reclamaciones que consideren oportunas, sólo y exclusivamente por los motivos que establece dicho artículo en el apartado 2º.*

*Se hace constar que el presupuesto general municipal para 2005 aprobado inicialmente, si durante el plazo de su exposición pública, no se producen alegaciones o reclamaciones contra éste, transcurrido dicho plazo, se considerará aprobado definitivamente sin necesidad de adoptar otro acuerdo que lo declare, porocediéndose a continuación a llevar a cabo la publicación de su resumen por capítulos.*

*Monterrei, 2 de diciembre de 2004. El alcalde.*

*R. 5.236*

## Monterrei

Edicto

Elevouse a definitivo, por non presentaren reclamacións, o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria que tivo lugar o

